

# Cairón" e o negacionismo

X.L. Méndez Ferrín 17.04.2017

Corren, sen saber de onde proceden, falsas historias e revisións da Historia que ás veces cobran a forma dun "negacionismo". Púxose en circulación esta palabra, que debe de levar o número millonésimo dos nomes abstractos terminados en -ismo, tanto que xa nin ordinal usual terá. Procede daqueles intérpretes da historia que, avaliados por un Chomski intelectualmente enfeblecido pola resistencia da súa mente a adoptar o método dialéctico, decidiron negar que o nazismo usou de cámaras de gas para eliminar xudeos e outra xente. Hoxe exténdese, coma unha moda, a especie de que na Francia ocupada polos nazis non houbo realmente Resistencia, e que esta foi apenas fabricación dun De Gaulle apoiado polos comunistas. Recibo a Revista "Cairón", boletín do Instituto de Estudos Ulloáns, número 1. Ulloán, ou ulloau, quer decer "relativo á Ulloa", que é o nome do vale do Ulla no alto tramo da súa vida de río. O título reférese a un poema de Lorenzo Varela, en castelán, titulado "Homenaje a los franceses" e escrito desde a ledicia e o optimismo que, ao poeta, lle produciu a liberación de París en 1945: a liberación dos fascistas autóctonos liderados por Pétain e amigos de Franco, e a liberación da ocupación nazi alemá. Os do Instituto Ulloao, producen a revista "Cairón", que é o nome dun monte, ao parecer ideal, que Lorenzo Varela presenta como signo da permanencia e da lealtade galega antifascista no poema "Homenaje a los Franceses".

Vista en transversal a revista, ela resulta moi prometedora. Fala (e non só) dos cabaceiros ou como lles queiramos chamar aos hórreos arcaicos que, milagreiramente, subsisten na Galicia actual, e tamén da revolución agraria galega de 1790, que aínda está entrando no discurso histórico nacional de Galicia e á cal non lle han de faltar no futuro negacionistas do mesmo modo que lles abundan aos Irmandiños, ao 1845, ao Banquete de Conxo e a Gallaecia. O certo é que houbo Resistencia francesa e que a Jean Moulin, o seu xefe supremo, os alemáns torturárono até a morte sen que dos beizos del se desprendese nin un nome nin un dato relevante. Á forza dos núcleos de estudos locais que florecen en Galicia súmase a forza deste "Cairón". Un día, descubrimos, vía Cabana, Novelúa e, outro día, a revista "Batiscafo", tamén filla húmida da Ulloa, fíxome descer aos pegos do río Ulla nos que engrosan até a monstruosidade as famosas troitas sabias. Boasvindas a "Cairón", monte que existe.